

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A CREACIÓN DUNHA UNIDADE MIXTA DENOMINADA “XESTIÓN DE PRAGAS E ENFERMIDADES FORESTAIS”**

En Santiago de Compostela, a 22 de agosto de 2018

Dunha parte Eva Villaverde Pego, con NIF 76 826 226-Q, deputada delegada da Estación Fitopatolóxica Areeiro da Deputación de Pontevedra, con CIF P-36 000 00-H e sede na avda. Montero Ríos, s/n, 36071 Pontevedra, que actúa en nome e representación desta, de conformidade co establecido no artigo 34.1.b da Lei 7/1985, de 2 de abril, e na Resolución presidencial, de 25 de abril de 2016 (núm. de rexistro 2016007829), sobre delegacións de atribucións da Presidenta.

E doutra, Tomás Fernández-Couto Juanas, con NIF 32.631.087-K, director xeral de Ordenación Forestal, actuando en nome e representación da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, en virtude das atribucións que lle confire a Orde do 17 de novembro de 2015 sobre delegación de competencias (DOG núm. 223, do 23 de novembro).

Ambas as dúas partes aseguran que as súas atribucións non foron revogadas ou diminuídas; recoñécense reciprocamente capacidade xurídica suficiente para outorgar o presente instrumento; e, na condición en que interveñen, libremente

## **EXPOÑEN**

**Primeiro.-** Segundo o establecido nos artigos 30.1.3 e 30.1.10 do Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva, de acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeral e a política monetaria do Estado, en materia de agricultura e gandería e de montes, aproveitamentos forestais, vías pecuarias e pasteiros, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

**Segundo.-** Que a Dirección Xeral de Ordenación Forestal da Consellería do Medio Rural ten entre as súas competencias a ordenación, fomento e mellora da produción forestal, de acordo co disposto no artigo 11.1 do Decreto 166/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural. Como Administración ou órgano

forestal, no ámbito das súas competencias e baseada en métodos de xestión integrada de pragas, velará pola protección dos montes promovendo as medidas de prevención, protección e tratamento, tanto silvícolas como sanitarias, que favorezan a súa vitalidade e a utilización de axentes biolóxicos que impidan o incremento das poboacións de axentes nocivos.

**Terceiro.-** Que da Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal se induce a necesidade de que as administracións competentes dispoñan dun sistema de observación a fin de facer un seguimento do estado sanitario dos cultivos agrícolas e das masas forestais e o establecemento de métodos eficaces de loita contra eles.

Que para o establecemento de métodos máis eficaces de loita se require a concorrencia de persoal moi especializado no coñecemento das pragas e enfermidades que afectan os vexetais e de laboratorios/centros de investigación con equipamento e metodoloxía axeitados con capacidade técnica e científica para levar a cabo estes traballos.

Que para desenvolver métodos de loita contra as pragas e enfermidades das masas forestais se require a concorrencia de centros con tecnoloxías avanzadas, persoal moi cualificado e equipos humanos complexos a fin de poder estudar e poñer a punto métodos eficientes de loita contra pragas e enfermidades.

**Cuarto.-** Que a Consellería do Medio Rural, aínda que dispón do Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galicia encadrado na Dirección Xeral de Producción Agropecuaria non conta, nestes momentos, cos medios suficientes para afrontar estas tarefas, polo que considera necesario formalizar a creación dunha “unidade mixta” entre o órgano administrativo responsable das actuacións e a entidade colaboradora no que se regularán as condicións e obrigas asumidas por esta.

**Quinto.-** A Estación Fitopatolóxica Areeiro (en diante EFA), dependente da Deputación de Pontevedra, situado na subida á Carballeira s/n, 36153 Pontevedra, creado por acordo do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 18/09/1980, é un centro que dispón da experiencia necesaria no diagnóstico e posta a punto e aplicación práctica de medios de control de pragas e enfermidades en materia agrícola e forestal.

No que respecta á loita fronte ao cancro do castiñeiro (*Cryphonectria parasitica*) a EFA é un centro de investigación pioneiro que, a raíz dos seus traballos, conseguiu reproducir cepas hipovirulentas compatibles cos principais tipos vc existentes en Galicia do fungo responsable desta enfermidade, así como desenvolver un inóculo preparado para a súa aplicación no campo que permite controlar o cancro en *Castanea sativa* mediante métodos biolóxicos. O devandito inóculo hipovirulento é un produto patentado, polo que unicamente a EFA pode preparalo.

En relación coa avespa chinesa do castiñeiro (*Dryocosmus kuriphilus*) e o gurgullo do eucalipto *Gonipterus platensis* a EFA é, igualmente, unha institución pioneira e de referencia na análise das postas de ambas as dúas especies, así como no estudo da evolución do parasitismo nos puntos de solta dos parasitoides que combaten a estas pragas.

Polos motivos indicados nos parágrafos anteriores, non resulta posible nin eficaz promover a concorrencia no que respecta a este convenio, sendo a EFA o único centro con capacidade para realizar os traballos que xustifican a creación da Unidade Mixta.

**Sexto.-** Que a Deputación Provincial de Pontevedra é titular da denominada EFA, centro que dispón tanto de persoal cualificado e especializado para deseñar novos procedementos de loita contra pragas e enfermidades, adaptados ás condicións galegas.

**Sétimo.-** Que a Deputación de Pontevedra, a través da EFA, preocupouse, dende o seu inicio, pola investigación (experimentación) dentro de cada unha das súas unidades; unha investigación eminentemente práctica dirixindo os seus resultados cara ao sector. Así, ao longo destes anos leváronse a cabo distintos proxectos financiados por diversos organismos de investigación como a UE, Comisión Asesora, INIA, Xunta de Galicia, CDTI, CAICYT, realizándose estes proxectos ben en colaboración con outros centros de investigación, ou directamente pola Estación.

**Oitavo.-** Da colaboración coa Consellería do Medio Rural xorden importantes sinerxías para ambas as dúas administracións que superan a mera relación contractual. Desde a EFA todos os traballos de colaboración se afrontan para poder optimizar os recursos públicos das distintas administración acadando importantes melloras na eficiencia dos recursos públicos.

**Noveno.-** Que o labor conxunto entre a Consellería do Medio Rural e a EFA potencia os recursos dispoñibles por ámbalas dúas partes.

**Décimo.-** O obxecto deste Convenio é establecer as condicións de colaboración entre a EFA e a Dirección Xeral de Ordenación Forestal da Consellería do Medio Rural para acadar resultados na loita contra certas pragas e enfermidades no ámbito forestal, principalmente a avéspera chinesa do castiñeiro (*Dryocosmus kuriphilus*), o cancro do castiñeiro (*Cryphonectria parasitica*) e o gurgullo do eucalipto *Gonipterus platensis*.

Por medio deste Convenio establécese a regulación do novo marco dentro do cal se van a desenvolver as relacións entre a Dirección Xeral de Ordenación Forestal da Consellería do Medio Rural e a EFA no seo da referida Unidade Mixta, determinando, entre outras cuestións, a súa composición (persoal e recursos materiais), a utilización das infraestruturas da Dirección Xeral de Ordenación Forestal da Consellería do Medio Rural e da EFA polo persoal da devandita Unidade Mixta, os dereitos que puidesen xerarse como consecuencia da actividade desenvolvida, así como a coordinación das actividades de prevención de riscos laborais na actividade levada a cabo pola Unidade Mixta.

Por todo isto, ambas as partes acordan subscribir o presente Convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes:

## **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRA.- Obxecto**

O obxecto do presente Convenio é regular as condicións para a constitución dunha Unidade Mixta de Investigación denominada “XESTIÓN DE PRAGAS E ENFERMIDADES FORESTAIS”. Unidade Mixta EFA- Dirección Xeral de Ordenación Forestal da Consellería do Medio Rural” (en diante nomeada como a Unidade Mixta).

### **SEGUNDA.- Funcionamento/Ámbito de investigación**

A Unidade Mixta é unha unidade de investigación e desenvolvemento de carácter mixto, sen personalidade xurídica propia.

As actividades e, en xeral, o funcionamento da Unidade Mixta, desenvolveranse en réxime de cooperación e de actuación conxunta, mediante a posta en común de medios técnicos e

recursos humanos de ambas as Partes, nos termos previstos no presente Convenio e sen prexuízo da autonomía de cada entidade e das facultades dos seus respectivos órganos de goberno e administración.

A presente Unidade Mixta de Investigación créase para a colaboración entre as dúas entidades segundo se describe na cláusula cuarta e no anexo 1, nos que se explican a xustificación e os obxectivos xerais da Unidade Mixta. As principais liñas a desenvolver son as seguintes:

Realización dos controis pertinentes para a boa execución da loita biolóxica fronte *Dryocosmus kuriphilus* (análises de mostras, controis de calidade do material de solta e estudo dos seus riscos ambientais).

Preparación, seguimento e control da eficacia dos inóculos empregados para o control das cepas virulentas de *Cryphonectria parasitica*.

Avaliación do estado do control biolóxico de *Gonipterus platensis* mediante a análise de mostras e os controis de calidade do material de solta.

### **TERCEIRA.- Persoal integrado na Unidade Mixta**

A Unidade Mixta está constituída por persoal e recursos materiais da Dirección Xeral de Ordenación Forestal da Consellería do Medio Rural e persoal e recursos materias da EFA, tal como se describe na cláusula quinta.

Ambas as dúas partes fan constar a non existencia de relación laboral ou contractual de ningún tipo entre elas. A vinculación que implica a asociación exclúe toda relación de dependencia orgánica ou funcional do persoal dunha entidade respecto da outra. Exclúese, así mesmo, a participación do persoal dunha parte nos órganos colexiados da outra e queda excluída a participación en proxectos alleos aos previstos neste Convenio.

A sinatura deste Convenio non alterará de ningún xeito a relación xurídico laboral ou doutro tipo do persoal integrante, que seguirá dependendo da Parte coa que ten dita vinculación e adscrito á unidade de investigación de orixe á que pertence. Neste sentido, continuará

percibindo as súas retribucións, se as houbera, con cargo á institución coa que estea vinculado, permanecendo en situación de servizo activo na devandita institución. Así mesmo, deberá gardar estrito cumprimento das normas sobre coordinación en materia de seguridade e saúde laboral vixentes en cada momento da duración do Convenio.

A cobertura das contingencias que poida sufrir o persoal será responsabilidade da institución da que orixinariamente dependa.

#### **CUARTA.- Obrigas de ambas as dúas partes**

No marco de creación da Unidade Mixta para o control de pragas e enfermidades forestais, a **Deputación de Pontevedra, a través da EFA**, comprométese a:

- Participar na coordinación técnica e na programación das actuacións contidas no presente Convenio, así como na toma de decisións que afectan ao desenvolvemento da actividade.
- Financiar os traballos da Unidade Mixta para a xestión das pragas e enfermidades forestais recollidas neste Convenio correspondentes ao seu persoal, así como os gastos correspondentes a material funxible e reactivos, enerxía, amortización e uso de equipos, laboratorios e instalación

Tamén asume as seguintes obrigas, que aparecen desagregadas segundo a praga ou enfermidade de que se trate, é dicir:

Avespa do castiñeiro: *Dryocosmus kuriphilus*

Cancro do castiñeiro: *Cryphonectria parasítica*

Gurgullo do eucalipto: *Gonipterus platensis*

#### ***Dryocosmus kuriphilus***

- Disección de xemas e procura de ovos de *D. kuriphilus* nelas, tanto xemas procedentes de zonas con presenza de praga como nas zonas de avance, co obxectivo de planificar adecuadamente as soltas para a campaña inmediata.

- Estudo da evolución do parasitismo en puntos de solta e comparativa dos datos interanuais. Recuperar material vexetal en zona de liberación de *Torymus sinensis* para estudar o establecemento do beneficioso e as probabilidades de éxito do control (estudo de niveis de parasitismo e de razón sexual, presenza de parasitoides autóctonos nas bugallas de onde se obteña *T. sinensis*, etc.).
- Recollida de bugallas en zonas de recente detección da praga para coñecer o complexo de parasitoides asociados antes da chegada de *T. sinensis*.
- Identificación de parasitoides de especies vexetais próximas ao castiñeiro (carballos fundamentalmente), comprobando a súa fenoloxía e, en base a iso, determinar as posibilidades de interacción con *T. sinensis*.
- Estudos de hibridación de *Torymus sinensis* con outros parasitoides de *D. kuriphilus* que emerxan tanto das bugallas de castiñeiro como doutras especies.
- Controis de calidade de *Torymus sinensis* incluíndo a fecundidade das femias en función da idade.
- Estudo da sensibilidade á praga de diferentes variedades de castiñeiro en insectarios.

***Cryphonectria parasitica***.- A EFA leva dende o ano 2003 realizando estudos sobre ás características das poboacións de *C. parasitica* nas comunidades de Galicia e Castilla-León. Como consecuencia destes traballos, a EFA dispón de datos referentes ao número de tipos de compatibilidade vexetativa, ao tipo de reprodución e á presenza de cepas hipovirulentas compatibles en Galicia.

Estes datos indican que a idea de controlar o cancro en *Castanea sativa* mediante métodos biolóxicos é un obxectivo alcanzable.

A EFA dispón de cepas hipovirulentas compatibles cos principais tipos vc existentes en Galicia do fungo responsable do cancro do castiñeiro, *Cryphonectria parasitica*. Estas cepas foron illadas a partir de castiñeiros con presenza de cancros cicatrizados. Como resultado das experiencias no uso destas cepas hipovirulentas como método de control a EFA dispón dun inóculo preparado para a súa aplicación no campo.

Polo tanto a EFA comprométese á preparación do inóculo hipovirulento (produto patentado) nas cantidades necesarias.

### ***Gonipterus platensis***

- Análise en laboratorio dos parasitoides emerxidos das ootecas recollidas en campo nas parcelas.
- Determinación do nivel e do grao de parasitismo a partir desas análises.
- Disección e estudo das ootecas tras as emerxencias de *Anaphes nitens*: parasitoides non nados, estado dos ovos, etc.
- Estudo e determinación en laboratorio doutros parasitoides que potencialmente emerxan das ootecas.
- Control de calidade ás ootecas proporcionadas polas biofábricas provedoras de ootecas parasitadas.

Pola súa banda, a **Consellería do Medio Rural, a través da Dirección Xeral de Ordenación Forestal**, comprométese a:

- Participar na coordinación técnica e na programación das actuacións contidas no presente Convenio, así como na toma de decisións que afectan ao desenvolvemento da actividade.
- Financiar os traballos da Unidade Mixta para a xestión das pragas e enfermidades forestais recollidas neste Convenio correspondentes ao seu persoal, así como os gastos correspondentes ao material funxible,.
- Poñer a disposición da Unidade Mixta as mostras recollidas no monte necesarias para realizar os estudos e verificacións da eficiencia das técnicas.

En relación con cada unha das pragas e enfermidades, levará a cabo:

### ***Cryphonectria parasitica***

- Inoculación no monte coas cepas hipovirulentas, definidas na EFA baixo a súa tutela e supervisión
- Recollida de mostras de cancro en distintas zonas, segundo planificación feita pola EFA, para comprobar a súa eficacia e duración dos resultados das inoculacións.
- Recollida de mostras de cancro en distintas zonas do sureste de Ourense, segundo planificación feita en colaboración coa EFA, para a búsqueda de cepas hipovirulentas para o control nesta zona xeográfica de Galicia

### ***Dryocosmus kuriphilus***

- Recollida e envío de galadas á EFA para o seu análise, investigación, segundo os plans para o seguimento e control da praga e do seu parasitoide.

Recollida e envío de xemas á EFA para o seu análise.

Envío para o seu estado, e verificación dos envíos recibidos do parasitoide *Torymus sinensis*, para o seu estudo e investigación.

### ***Gonipterus platensis***

- Recollida e envío de ootecas e demais mostras necesarias á EFA, segundo calendario.
- Subministración de parasitoides e ootecas parasitadas necesarias para análises.
- Calquera outra necesidade da Unidade Mixta segundo plan de estudo e calendario.

Importe e condicións económicas

### **QUINTA.- Dotación de medios**

O custo total de creación e funcionamento da Unidade Mixta detállase no **Anexo II**. De xeito resumido, a dotación de medios correspóndese coa relación seguinte:

#### **Por parte da Dirección Xeral de Ordenación Forestal:**

- As 2 persoas que forman parte do persoal da Dirección Xeral de Ordenación Forestal e que se relacionan no Anexo IV, e que dedicarán ás actividades relacionadas co funcionamento da Unidade Mixta, aproximadamente, un 10% do seu horario de traballo (custo anual de 11.286,70 €).

- 3 persoas que estean en posesión da titulación que se especifica no Anexo IV, así como a dotación de material funxible necesario para o cumprimento das súas obrigas que levarase a cabo a través dun encargo á Empresa Pública Seaga por un importe anual que non excederá de 160.000,00 €. O seu financiamento levarase a cabo con cargo á aplicación orzamentaria 13.02.713B.640.1, código de proxecto 2016 00202.

#### **Por parte da EFA :**

- 5 persoas que forman parte do persoal da EFA que estean en posesión da titulación que se especifica no Anexo III (custo anual de 50.633,16 €).

- A dotación de material funxible e reactivos necesarios para o cumprimento das súas obrigas, que acada un importe anual de 25.000,00 € .

- Gastos de enerxía, amortización e uso de equipos, laboratorios e instalacións, por un importe anual de 12.000,00 €

### **SEXTA.- Confidencialidade e dereitos de propiedade intelectual**

Calquera información que se intercambie, facilítese ou se cre entre as Partes durante o desenvolvemento da actividade investigadora no seo da Unidade Mixta será mantida en estrita confidencialidade.

A Parte receptora só poderá revelar esta información ao seu persoal cando sexa necesario para o desenvolvemento da actividade da Unidade Mixta, previa autorización de quen a forneceu.

Non haberá deber algún de confidencialidade cando:

- A información sexa de xeral coñecemento.
- A información sexa accesible, lexítima e publicamente, por vías alleas a este Convenio ou aos Convenios que puidesen xerarse ao amparo deste.
- A información sexa obtida dun terceiro que teña dereito lexítimo a utilizar, difundir ou comunicar dita información.
- Haxa obrigación de fornecer a devandita información ante un requirimento legal ou xudicial. Neste suposto, notificárase inmediatamente á parte subministradora. Así mesmo, a parte receptora só revelará aquela información que sexa requirida legal ou xudicialmente.

Este compromiso de confidencialidade manterase vixente con independencia da vixencia do presente Convenio mentres a información manteña o carácter de confidencial.

As obrigacións de confidencialidade esténdense a todo o persoal integrante da Unidade Mixta, así como os representantes, asesores e calquera outras persoas vinculadas ás Partes e ás que estas teñan necesidade de revelar a información confidencial para o

desenvolvemento do presente Convenio, sendo responsable do seu mantemento a Parte con quen este persoal tivese vinculación. Dita parte responderá do seu incumprimento.

Páctase expresamente que todos os dereitos derivados dos coñecementos que a EFA posúa con carácter previo ao desenvolvemento do proxecto seguirán pertencéndolle exclusivamente a esta, e tamén os resultados que, no seu caso, puidesen obterse en paralelo ou a partir de desenvolvementos futuros do coñecemento previo da EFA, excepto os desenvolvementos previstos neste convenio, que serán propiedade conxunta.

### **SÉTIMA.- Protección de Datos Persoais**

As Partes manifestan que coñecen, compren e sométense de forma expresa á lexislación española en materia de Protección de Datos de Carácter Persoal (Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e Real Decreto 1720/2007, de 21 decembro, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve dita Lei), comprometéndose a dar un uso debido aos datos de tal natureza que se obteñan como consecuencia do desenvolvemento do presente Convenio. Por iso, ambas as Partes consenten que os datos persoais do presente Convenio poidan incorporarse a ficheiros de titularidade de cada unha delas coa única finalidade de proceder á xestión adecuada do mesmo. O exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderase levar a cabo nos termos establecidos legalmente mediante comunicación á respectiva entidade ao seu domicilio social.

### **OITAVA.- Coordinación de Actividades Preventivas**

As Partes comprométense ao cumprimento do Real Decreto 171/2004, do 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, en materia de coordinación de actividades empresariais. O contido das actividades obxecto do presente Convenio que poida afectar a estas materias, poñerase en coñecemento dos respectivos Servizos de Prevención de cada entidade.

A vixilancia da saúde do persoal integrado na Unidade Mixta corresponderá á institución á que estea vinculado devandito persoal.

## **NOVENA.- Entrada en vigor do Convenio**

Este Convenio entrará en vigor no momento da súa firma e a súa vixencia será de 4 anos. Iso con todo, calquera das Partes poderá en todo momento formular denuncia ante a outra, que deberá ser comunicada por escrito cunha antelación mínima de tres meses á data en que vaia a darse por finalizado o Convenio, sen prexuízo da finalización dos traballos que en virtude do presente Convenio estean en execución.

En calquera momento antes da finalización da súa vixencia, as partes poderán acordar por escrito a prórroga do Convenio por un novo período que non poderá exceder de catro anos en aplicación do artigo 49. h.2º da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

## **DÉCIMA.- Modificación, denuncia e rescisión do Convenio**

As partes poderán denunciar ou modificar o presente Convenio en calquera momento por Convenio mutuo, notificándose cun prazo de antelación de 3 meses.

## **DECIMA PRIMEIRA.- Extinción**

O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución. Son causas de resolución as previstas no artigo 51.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, a desistencia unilateral constitúe causa de extinción, cun preaviso á outra parte de polo menos tres meses.

En caso de resolución anticipada, finalizaranse as actividades que estivesen en execución, sen prexuízo das indemnizacións procedentes por danos e prexuízos ocasionados en caso de resolución por incumprimento ou desistencia unilateral.

En caso de disolución da Unidade Mixta, levarán a cabo as operacións de liquidación que sexan necesarias.

## **DECIMA SEGUNDA.- Comisión Mixta de Seguimento**

Para facilitar o desenvolvemento das actividades e o seu seguimento constituirase unha Comisión Mixta formada por un representante de cada unha das entidades participantes, nomeadamente:

Pola banda da Consellería do Medio Rural, a persoa que ocupe a Subdirección Xeral de Recursos Forestais, ou se é caso a persoa na que delegue.

Pola banda da EFA, a persoa que ocupe o Servizo da Estación Fitopatolóxica de Areeiro, ou se é caso a persoa na que delegue.

Esta Comisión ditará o seu regulamento interno de funcionamento, encargarse do seguimento das actuacións e avaliación dos resultados, e desenvolverase durante toda a duración do convenio de xeito continuado, establecendo e definindo as pautas de actuación e supervisando tecnicamente as accións previstas nel.

## **DECIMA TERCEIRA. - Informe anual de actividades e resultados**

Anualmente, no último trimestre de cada ano, Comisión Mixta de Seguimento elaborará un informe coa relación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, que será presentado á Dirección xeral de Ordenación Forestal da Consellería do Medio Rural e maila EFA.

No suposto de que o convenio se resolverse antes do prazo previsto, conforme aos prazos establecidos na cláusula novena, a Comisión Mixta de Seguimento entregará un informe coa relación das actividades realizadas e dos resultados obtidos ata esa data.

## **DECIMA CUARTA. - Publicidade**

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

## **DECIMA QUINTA.- Natureza**

O presente Convenio ten natureza administrativa, e está excluído do ámbito de aplicación a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014. Rexerase polas cláusulas do mesmo, polo disposto no Capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público; pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico e pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

En proba de conformidade, as partes asinan o presente Convenio por triplicado en todas as súas follas e a un só efecto no lugar e data arriba indicados.

Ado.: D. Tomás Fernández-Couto Juanas  
Consellería do Medio Rural

Ado.: D<sup>a</sup> Eva Vilaverde Pego  
Deputación de Pontevedra

## **ANEXO 1**

### **MEMORIA**

#### **1. Xustificación do interese para a creación/prórroga da Unidade Mixta**

A Unidade Mixta de Xestión de pragas e enfermidades forestais, cuxa creación se solicita, nace do interese común da Dirección Xeral de Ordenación Forestal da Xunta de Galicia e da Estación Fitopatolóxica Areeiro (EFA) da Deputación de Pontevedra na boa xestión das pragas e enfermidades forestais que se pretenden combater, é dicir, *Dryocosmus kuriphilus* e *Cryphonectria parasitica* en castiñeiro, e *Gonipterus platensis* en eucalipto.

O castiñeiro é unha especie forestal moi valorada no noroeste da península ibérica. Noutro tempo foi fundamental para a poboación das zonas rurais onde crecía naturalmente. Máis tarde, durante varias décadas, perdeu ese carácter, pero nos últimos anos multiplicáronse os esforzos por recuperalo co obxectivo de diversificar a oferta de produtos procedentes daquelas áreas e fixar poboación, o que neste caso tradúcese, fundamentalmente, na obtención de froito de calidade con destino ao consumo directo ou á transformación. Pero o castiñeiro ofrece outros moitos atractivos aos propietarios ademais do seu froito. Por exemplo, a súa madeira, de gran calidade, pode alcanzar altos prezos unitarios cando se cultiva de forma adecuada. Ademais, o castiñeiro posúe un alto valor paisaxístico e desempeña un papel ecolóxico de relevancia no sostemento da vida silvestre.

A enfermidade do cancro, causada polo ascomiceto *Cryphonectria parasitica* (Murrill) M.E. Barr (sinónimo *Endothia parasitica*), orixinario do este de Asia, está considerada como a patoloxía máis grave do castiñeiro a nivel mundial.

*C. parasitica*, presenta dous tipos de cepas: unhas virulentas, que levan rapidamente á aparición de síntomas, causan lesións necrosadas na cortiza, que van aumentando progresivamente de tamaño ata provocar a morte de ramas e tronco da árbore afectada, e outras menos agresivas, que desencadean menos síntomas, menos danos e non causan a morte do hóspede. Esta atenuación da virulencia que caracteriza a algunhas cepas fúnxicas coñécese como hipovirulencia e débese á infección do fungo por un micovirus.

As importantes consecuencias do cancro para a persistencia dos castiñeiros europeos xustifica que *C. parasítica* estea considerado un patóxeno de corentena incluído na lista A2 da Organización Europea e Mediterránea para a Protección das Plantas.

Este fungo presenta un sistema de compatibilidade vexetativa que permite a un individuo diferenciar as súas propias células das de outros, e restrinxe a formación de heterocariontes.

Dous individuos son incompatibles cando presentan alelos diferentes nun ou máis xenes vic. As unións entre eles son transitorias e as células fusionadas morren. Cando os individuos posúen alelos idénticos en todos os loci vic, formase un heterocarionte estable, que indica que os individuos son compatibles vexetativamente e pertencen ao mesmo tipo de compatibilidade vexetativa (tipo vc). A clasificación dos individuos nos grupos de compatibilidade vexetativa é moi útil para estudar a diversidade xenética das poboacións. A diversidade dos tipos de compatibilidade vexetativa de *C. parasítica* estudáronse de forma extensa en Europa. En España, os tipos e a dominancia dos tipos vc son moi diferentes nas principais zonas do castiñeiro incluso entre zonas xeográficas limítrofes. Non existe ningún método eficaz cultural nin químico de control de *C. parasítica*, nin ningún cultivar de castiñeiro europeo tolerante ou resistente a enfermidade. Na práctica, a introdución e diseminación da enfermidade en áreas libres de cancro evítase mediante medidas preventivas.

Dada a baixa eficacia dos métodos culturais e/ou químicos, fai máis de 25 anos que a investigación sobre o control do cancro céntrase no desenvolvemento de métodos biolóxicos baseados na transferencia do hipovirus dende as cepas hipovirulentas ou atenuadas ás virulentas, sendo a bioloxía de *C. parasítica* en cada zona afectada un factor clave para poder aplicar con éxito estas técnicas. Para que un programa de control biolóxico con cepas hipovirulentas sexa eficaz, ademais de coñecer a diversidade dos tipos vc e de dispor das cepas hipovirulentas compatibles coas virulentas dominantes nunha zona afectada, é necesario pescudar tamén cal é a distribución dos tipos de apareamento ou mating type.

Canto aos insectos, as pragas que máis comprometían as producións de castaña na nosa comunidade eran, ata fai poucos anos, os insectos carpófagos, especialmente os

tortricídeos precoz e tardío *Pammene fasciana* Linnaeus, 1761 e *Cydia splendana* Hübner 1799, respectivamente, e o curculiónido *Curculio (Curculio) elephas* Gyllenhal, 1836. Con todo, desde que foi introducido en Europa o cinípido gallícola *Dryocosmus kuriphilus* Yasumatsu 1951, que foi detectado por vez primeira no continente en 2002, concretamente en Italia, esperábase a súa chegada non só á nosa comunidade senón tamén a outras rexións de España. Este himenóptero orixinario de China está considerado como a praga máis importante do castiñeiro en todo o mundo, pois pode limitar a produción de froito e mesmo matar as árbores. Ataca a todas as especies de castaño e aos seus híbridos. Debido ás bugallas que produce, causa perdas de vigor e unha redución significativa da produción de froito, da orde do 70 ao 95%. Debido ao seu perigo, *D. kuriphilus* inclúese en 2003 na lista A2 da EPPO.

Despois de varios anos de prospeccións destinadas á súa detección na nosa comunidade, en maio de 2014 foron observadas as primeiras árbores con bugallas nas provincias de Lugo e Ourense, e desde entón foi estendéndose polas catro provincias galegas, ocupando xa boa parte da superficie dedicada ao castiñeiro.

O control da praga por medio de medios químicos ou outros non deu resultado en ningunha área onde a praga foi introducida. Por iso, as investigacións na loita fronte a este insecto dirixíronse cara á loita biolóxica con *Torymus sinensis*, parasitoide específico de *Dryocosmus kuriphilus*. Aínda que é unha especie de orixe asiática (China), úsase en todo o mundo, desde Europa (Italia, Francia, Hungría, Portugal...) ata Asia (Xapón, Corea do Sur) ou América do Norte (Estados Unidos). Ademais, nas zonas onde medran as Fagáceas de xeito natural, hai outro complexo de parasitoides (asociados a pragas que producen bugallas nos carballos, fundamentalmente) que merecen ser estudados, pois pode ser que constitúan un apoio á loita con *T. sinensis*, aínda que tamén é preciso determinar se o exótico pode desprazar aos autóctonos ou se pode producir outros efectos sobre as súas poboacións naturais.

O aproveitamento en Galicia do eucalipto, sobre todo da especie dominante, *Eucalyptus globulus* Labill, supón unha das máis importantes fontes de ingresos para o sector forestal galego, e dá lugar a un elevado número de empregos directos e indirectos.

Con todo, os excelentes rendementos potenciais que pode obter están a verse reducidos desde hai máis de dúas décadas por algunhas pragas de insectos. Aínda que algúns fitófagos xa estaban presentes desde facía máis tempo, a aparición do defoliador *Gonipterus scutellatus* Gyll. (*Gonipterus platensis* Marelli na actualidade) en 1991 supuxo un punto de inflexión na condición do eucalipto como especie libre de pragas que puidesen minguar a súa produtividade, e aínda hoxe é a praga clave do eucalipto en Galicia.

No que se refire ás medidas de contención da poboación nociva, aínda que ten habido insecticidas autorizados para a loita contra esta praga, as dificultades para aplicarlos en terreos de monte así como os riscos ambientais derivados do seu uso dirixiron novamente o control cara á loita biolóxica. En Galicia estableceuse a partir da importación de *Anaphes nitens* en 1993 por parte da Estación Fitopatolóxica Areeiro, responsable tamén das primeiras soltas que levaron a cabo primeiro para coñecer cal era a adaptación do himenóptero ás nosas condicións e despois para iniciar os plans de loita que se están a desenvolver. A cría masiva e as sucesivas soltas do parasitoide iniciáronse a partir da transferencia do método de cría desenvolvido na EFA a dúas empresas, que desde hai anos son quen proporcionan os beneficiosos para os programas de control.

A Estación Fitopatolóxica Areeiro, como centro implicado no estudo de organismos causantes de enfermidades e pragas, ten especial interese en participar nesta unidade mixta para desenvolver un papel importante no control de patóxenos que están afectando a especies vexetais de gran importancia no sector forestal da provincia de Pontevedra e, deste modo, dar continuidade aos avances logrados no centro nos últimos anos co obxecto de minimizar os danos das patoloxías incluídas na investigación da unidade mixta.

## 2. Plan de traballo e calendario de actividades da EFA para cada ano

O calendario pode estar suxeito a algunha modificación en función das condicións climáticas de cada anualidade.

ENFERMIDADE	X	F	M	A	My	Xn	XI	A	S	O	N	D
<b><i>Cryphonectria parasitica</i></b>												
Estudo das cepas do fungo	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Preparación do inóculo		X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	
Aplicación no monte		X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	

PRAGA	X	F	M	A	My	Xn	XI	A	S	O	N	D
<b><i>Dryocosmus kuriphilus</i></b>												
Disección de xemas	X	X	X								X	X
Presenza e nivel de parasitismo no monte	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Estudo dos parasitoides autóctonos antes de <i>T. sinensis</i>	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Estudo dos parasitoides autóctonos en Fagáceas	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Estudos hibridación con <i>T. sinensis</i>		X	X	X	X	X						
Outros riscos ambientais de <i>T. sinensis</i>		X	X	X	X	X						
Controis de calidade dos viais de <i>T. sinensis</i>		X	X	X	X	X						
Estudos da sensibilidade varietal	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

PRAGA	X	F	M	A	My	Xn	XI	A	S	O	N	D
<b><i>Gonipterus platensis</i></b>												
Análise dos <i>Anaphes nitens</i> emerxidos de mostras de monte			X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Determinación do nivel e grao de parasitismo por <i>Anaphes nitens</i>			X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Estudo e determinación en laboratorio doutros parasitoides			X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Controis de calidade biofábricas			X	X	X	X	X	X	X	X	X	

Ado.: D. Tomás Fernández-Couto Juanas  
 Consellería do Medio Rural

Ado.: D<sup>a</sup> Eva Vilaverde Pego  
 Deputación de Pontevedra

## ANEXO 2

**Custo total anual de creación e funcionamento da Unidade Mixta : 258.919,86 €**

Por parte da Consellería do Medio Rural

10% Retribucións xefe do Servizo do Medio Forestal (persoal da DX)	6.172,95 €
10% Retribucións xefe de área de Saúde e Vitalidade Forestal (persoal da DX)	5.113,75 €
Material funxible e reactivos (encargo SEAGA)	60.000,00 €
Persoal pertencente á Unidade Mixta (encargo SEAGA)	100.000,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>171.286,70 €</b>

Distribución por anualidades por parte da Consellería do Medio Rural:

Anualidade 2018: **57.095,57 €**

Anualidade 2019: **171.286,70 €**

Anualidade 2020: **171.286,70 €**

Anualidade 2021: **171.286,70 €**

Anualidade 2022: **114.191,13 €**

**TOTAL: 685.146,80 €**

Por parte da EFA

Retribucións do persoal da Unidade Mixta	50.633,16 €
Material funxible e reactivos	25.000,00 €
Enerxía, amortización e uso de equipos, laboratorios e instalacións	12.000,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>87.633,16 €</b>

Distribución por anualidades por parte da EFA:

Anualidade 2018: **29.211,05 €**

Anualidade 2019: **87.633,16 €**

Anualidade 2020: **87.633,16 €**

Anualidade 2021: **87.633,16 €**

Anualidade 2022: **58.422,11 €**

**TOTAL: 350.532,64 €**

Custo total anual da Unidade Mixta:

Anualidade 2018: **86.306,62 €**

Anualidade 2019: **258.919,86 €**

Anualidade 2020: **258.919,86 €**

Anualidade 2021: **258.919,86 €**

Anualidade 2022: **172.613,24 €**

**Custo total da Unidade Mixta durante os 4 anos de duración do convenio: 1.035.679,44 €**

Ado.: D. Tomás Fernández-Couto Juanas  
Consellería do Medio Rural

Ado.: D<sup>a</sup> Eva Vilaverde Pego  
Deputación de Pontevedra

### ANEXO 3

#### RELACIÓN DE PERSOAL VINCULADO Á EFA QUE SE ADSCRIBE Á UNIDADE MIXTA

<b>NOME</b>	<b>CATEGORÍA</b>	<b>TEMPO PREVISTO ADICADO AO CONVENIO</b>
Dra. Carmen Salinero Corral	Funcionaria. Xefa do Servizo	3 horas semanais
Dra. Olga Aguín Casal	Funcionaria. Xefa Sección Biloxía Molecular	2 horas ao día
Dra. Rosa Pérez Otero	Funcionaria. Xefa da Unidade de Artrópodos e Control Integrado	2 horas ao día
Alberto Rodriguez Acebedo	Contrato laboral en prácticas	3 horas ao día
Raquel Romero Salgueiro	Funcionaria. Técnico Laboratorio	2 horas ao día

Ado.: D. Tomás Fernández-Couto Juanas  
Consellería do Medio Rural

Ado.: D<sup>a</sup> Eva Vilaverde Pego  
Deputación de Pontevedra

#### ANEXO 4

#### RELACIÓN DE PERSOAL VINCULADO Á CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL QUE SE ADSCRIBE Á UNIDADE MIXTA

NOME	CATEGORÍA	TEMPO PREVISTO ADICADO AO CONVENIO
José Carlos Costas López	Funcionario. Xefe do Servizo do Medio Forestal	10% da xornada laboral
Luis Ortega Mene	Funcionario. Xefe de área de Saúde e Vitalidade Forestal	10% da xornada laboral
	Técnico superior en Xestión Forestal e do medio natural Ocupación: fitopatólogo Encargo SEAGA	100% da xornada laboral
	Técnico/ Saúde Ambiental Ocupación: fitopatólogo/ microbiólogo Encargo SEAGA	100% da xornada laboral
	Técnico laboratorio rama sanitaria Ocupación: fitopatólogo Encargo SEAGA	100% da xornada laboral

Ado.: D. Tomás Fernández-Couto Juanas  
 Consellería do Medio Rural

Ado.: D<sup>a</sup> Eva Vilaverde Pego  
 Deputación de Pontevedra